

## MÚSICA

Luvas Verdes volve como idea, dun proxecto que terminou por estancarse, cansados de que reconecesen o seu traballo en certames, e dispostos a presentar cousas serias e colocar a

música tradicional no lugar adecuado. Luvas Verdes regresa como escola, preparando o seu segundo traballo —que esperan poder presentar a finais de ano— e ofrecendo cursiños itinerantes

de gaita e de música tradicional a colectivos e entidades. Os gaiteiros Daniel Bellón e Pedro Lamas están acompañados nesta etapa por Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde na percusión.

# Dúas gaitas dispostas a dar guerra

## O grupo Luvas Verdes regresa coa idea de crear unha escola do tradicional

MARTA GARCÍA MÁRQUEZ > A CORUÑA

■ Luvas Verdes regresa como unha idea para dicirlle ao mundo que están dispostos a dar guerra no panorama da música, que o son dunha gaita non ten que estar limitado aos concursos e ás alboradas e o grupo volve encher os foles con forza para reivindicar un espazo que moitas veces está cedo a estilos “aparentemente” de maior transcendencia pero afastados á terra que entende de palletas e aturuxos.

Os motores de Luvas Verdes son Dani Bellón e Pedro Lamas, que retomaron o traballo iniciado no 2001 xunto a Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde na percusión como unha nova proposta a un país adormecido, cansados xa de participar en certames que unicamente serven para amosar as composicións que logo interpretan outros (Bellón é o gaiteiro máis galardoado en Galicia): “Esperamos non botar de menos os concursos e que o tradicional non dependa deles para ser exposto”.

Eles definen o proxecto como unha especie de factoría onde a música xira porque, ademais do grupo, pensan conducir o aprendizaje polas canles da educación a través de cursiños específicos de carácter itinerante sobre a gaita galega e a música tradicional orientados a colectivos no exterior e a entidades promocionais da nosa cultura.



O grupo Luvas Verdes deu unha pequena demostración na presentación do proxecto

JESÚS L. FRADE

E desta forma, esperan presentar o seu segundo traballo a finais de ano, que será unha revisión do repertorio popularizado pola desaparecida formación Lelia Doura da que formaron parte: “Un proxecto fallido que empezou con moita ilusión polo que temos esa espiña cravada”.

E a música tradicional volve a estar reinterpretada por Dani Be-

llón e Suso Vaamonde cunha visión persoal que non descarta a fusión con outros estilos como o jazz porque, segundo o experto Óscar Losada, “trátase de dignificar a tradición pero eles tamén viven no mundo contemporáneo”.

O grupo arranca nesta primavera cunha xira que se detén o 17 de maio en Rianxo como primeiro punto dunha etapa que comeza,

intercalada con outros proxectos como un audiovisual de grandes dimensións que xa están a matizar. Sentencia Daniel Bellón que non é que Luvas Verdes morrera, sempre estivo a idea e a idea que agora adquirir un enfoque máis serio até convertirse nun ente que abarque moitas cousas. E os pulmóns vacían o ar unha e outra vez. A gaita late de novo.